

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno de España co fin de promover a revisión das prestacións polo coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave recollidas no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no Sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, para que se modifique o artigo 7.3, eliminando a letra "d) Por facer o menor 18 anos", e se analicen e valoren, no marco do Pacto de Toledo, as circunstancias que poidan requirir o mantemento ás familias da dita prestación aínda cando a persoa afectada pola enfermidade fíxese os 18 anos.»

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 4 de xuño de 2021, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 10 de maio de 2021 (BOPG núm. 139, do 14 de maio de 2021) convocouse o proceso selectivo, e aprobáronse as bases que o rexen, para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base cuarta, da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, segundo figura no documento anexo.

2º. Ordenar a publicación desta Resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia



ANEXO

A) RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	LÓPEZ GÓMEZ	MARINA	***6719 **
2	LORENZO SANTALUCÍA	MARINA IRENE	***5265 **

B) RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS PROVISIONALMENTE

Non hai persoas excluídas.

